



CONCELLO DE VEDRA

C.I.F.: P1509000D - Teléf.: 981814612

e-mail: correo@concellodevedra.gal – <https://sede.vedra.es/>
[Avda. M. M. Gómez, 1 – 15885 Vedra \(A Coruña\)](#)



María Elena Sueiro Fernández, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE VEDRA,

CERTIFICO: Que por Decreto da Alcaldía de data 06-05-2026 , ditouse resolución con número 435/2026 que, na súa parte dispositiva, di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para a funcionarización dunha praza de axente de desenvolvemento local (A2)

Expediente: 2026/G003/000463

.../....

Primeiro: Declarar que as persoas aspirantes que se indican a continuación aprobaron o proceso selectivo para a funcionarización dunha praza de axente de desenvolvemento local (A2) de acordo co seguinte:

Funcionarización dunha praza de axente de desenvolvemento local (A2)

APELIDOS E NOME	DNI
Crespo Souto, Vanessa	***3144**

Segundo: Dispoñer a publicación desta resolución na sede electrónica do Concello [<https://sede.vedra.es>].

Terceiro: Outorgar ás interesadas un prazo de 20 días hábiles dende a publicación desta resolución na sede electrónica do Concello, para presentar os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Alcalde do Concello de Vedra, no prazo dun mes a contar desde a recepción da notificación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de acordo coa lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.”

E para que conste, e para os efectos oportunos expido a presente certificación co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, Carlos Martínez Carrillo, na data sinalada ao marxe.